

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 20 DE XUÑO DE 2014,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2014/2015.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproban as bases e a convocatoria do concurso para o outorgamento de 26 licenzas para a prestación de servizos de comunicación audiovisual televisiva de titularidade privada de ámbito local.
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das bolsas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de persoal experto en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (código de procedemento PR 809A), por un importe total de cento dezaseis mil setecentos setenta e nove euros (116.779,00 euros).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) a contratación do "Servizo integral de transporte combinado de residuos urbanos dende as plantas de transferencia ata o complexo ambiental de Cerceda e Vertedoiro de Areosa" (NC0002/2014) cun importe total de cento cincuenta e catro millóns trescentos trinta e un mil vinte e catro euros (152.380.327,90 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello do Saviñao para a execución das obras de "Acondicionamento e mellora de accesos a núcleos rurais no concello do Saviñao" por un importe total de cincocentos vinte e nove mil oitocentos setenta e catro euros e noventa e oito céntimos (529.874,98 euros).

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Pico Seco, situado nos concellos de Lalín e Dozón (Pontevedra) e O Irixo (Ourense) e promovido pola Sociedade Aerogeneración Galicia, S.L. (expediente IN661A DXIEM-04/11).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda cuarta ao convenio de colaboración, asinado o 18 de outubro de 2010, entre a Consellería Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación ECCA para a obtención do título de graduado en educación secundaria, por un importe de trescentos quince mil catrocentos vinte e un euros con setenta e oito céntimos (315.421,78 euros).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2014, polo importe de cincocentos sesenta e nove mil cento noventa e cinco euros con vinte e oito céntimos (569.195,28 euros).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre a situación da Fundación Galicia Obra Social.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a resolución de axudas do programa de investimentos innovadores 2014 da Axencia Galega de Innovación.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o mapa de accidentabilidade viaria nos anos 2009-2013, con intervención da Fundación de Urgencias Sanitarias de Galicia-061.

## **O CONSELLO DA XUNTA DÁ O VISTO E PRACE Á CONXELACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS DE MATRÍCULAS NAS TITULACIÓNS DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA**

- ***O Goberno galego promove así a igualdade de oportunidades no acceso a estes estudos superiores, unha política que se complementa co reforzo das bolsas para estudantes afectados por causas imprevistas, e coa liña de axudas para os estudante por riba dunha nota media de 5 que non cumpren os requisitos do Ministerio***
- ***Ademais, a Consellería incrementou este curso en máis dun 12% a contía mensual complementaria das axudas Erasmus***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á conxelación dos prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos de grao, máster e doutoramento no Sistema Universitario de Galicia (SUG), en virtude da cal se manterán igual ca no presente curso tanto as primeiras como as sucesivas matrículas. O obxectivo é que Galicia sexa, unha vez máis, a comunidade coas taxas universitarias máis baixas de España, tal e como xa aconteceu no presente curso.

Neste sentido cómpre lembrar que Galicia vén apostando nos últimos anos pola conxelación ou pola mínima subida dos prezos públicos. Así, o Consello Galego de Universidades deu informe favorable á suba mínima permitida dos prezos públicos – o IPC- nos cursos 2009/2010, 2010/2011 e 2011/2012. A partir do cambio de sistema para a actualización dos prezos, no curso 2012/2013 decidiuse conxelar os prezos públicos da primeira matrícula de grao e aprobar a suba mínima posible para os de sucesivas matrículas. Para o curso 2013/2014 optouse pola conxelación, da mesma forma que se propón para o curso 2014/2015.

### **Forte política de bolsas**

A conxelación dos prezos públicos, un ano máis, é mostra do compromiso do Goberno galego coa igualdade de oportunidades no acceso a estes estudos superiores, unha política que se complementa e reforza a través de diferentes liñas de axudas aos estudantes. Así, a Consellería de Cultura e Educación destinou este ano un millón de euros á convocatoria de bolsas complementarias ás do Ministerio para o pagamento da matrícula do alumnado de novo ingreso e de continuidade, posibilitando o apoio económico naqueles casos que, cumprindo os criterios económicos establecidos na convocatoria do Goberno Central, non poden acceder ás axudas polo incremento de exixencias académicas.

Ademais, este ano increméntase nun 30% o orzamento das axudas dirixidas a cubrir as causas imprevistas que poidan afectar a continuación de estudos universitarios; e convocouse unha liña específica de axudas para o inicio de estudos de máster dirixidas a persoas en situación de desemprego, cun orzamento de 200.000 euros. Así mesmo, o departamento educativo da Xunta de Galicia incrementou en máis dun 12% a contía mensual das axudas complementarias –ata 9 meses- do programa Erasmus, concedendo ademais unha bolsa extra de 500 euros aos beneficiarios con mellores expedientes



---

académicos, o converteu Galicia na Comunidade coa convocatoria máis equilibrada de axudas aos Erasmus de todo o Estado español, en termos cuantitativos e cualitativos, pola súa universalidade e excelencia.



## **A XUNTA SACA A CONCURSO 26 LICENZAS PARA TELEVISIÓNS PRIVADAS DE ÁMBITO LOCAL**

- ***As empresas que concorran deberán acreditar experiencia e solvencia, así como os medios de que dispoñen para a explotación da licenza***
- ***Entre os criterios de valoración destacan o fomento do emprego, o compromiso de emitir en galego por encima do establecido pola lexislación vixente e a viabilidade económica***

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases e a convocatoria do concurso destinado ao outorgamento de 26 licenzas para a prestación de servizos de comunicación audiovisual televisiva de titularidade privada de ámbito local.

Os criterios mínimos que se terán en conta á hora de adxudicación das licenzas son a experiencia das empresas que concorren ao concurso, a súa solvencia e os medios de que dispoñen para a explotación da licenza, segundo establece a Lei 7/2010 xeral da comunicación audiovisual.

Entre os criterios de valoración destacan, a viabilidade económica, as características técnicas do proxecto, as características da emisión e programación, o fomento do emprego, así como o compromiso de non transmitir a licenza durante un período de tempo superior ao mínimo de dous anos que establece a Lei xeral da comunicación audiovisual. Valorárase tamén o compromiso de emitir en galego por encima do límite fixado pola lexislación vixente.

As ofertas presentadas polos solicitantes, que conteñan os criterios para ter en conta para a adxudicación, deberán estruturarse en catro bloques fundamentais: proposta de programación, proposta económica, proposta tecnolóxica e experiencia.

As licenzas outorgaranse por un período de quince anos, sen prexuízo das posibles renovacións as que fai referencia a Lei xeral da comunicación audiovisual.

O prazo para resolver o concurso é de seis meses, segundo se recolle nas bases aprobadas hoxe.



## **A XUNTA MANTÉN A APOSTA POLA COOPERACION INTERNACIONAL COA CONVOCATORIA DE OITO BOLSAS DE FORMACION PARA ESTE ANO**

- ***O goberno galego cumpre así co establecido no III Plan director da cooperación galega no que se refire ao apoio á formación e capacitación especializada dos axentes de cooperación***
- ***Os bolseiros traballarán nas oficinas de Cooperación da Axencia española de Cooperación Internacional de Mozambique, República Dominicana, Nicaragua, Ecuador e Perú, entre outros***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a concesión de oito bolsas de formación de persoal experto en cooperación internacional para o desenvolvemento e para este ano 2014, cumprindo así co establecido no III Plan director da cooperación galega 2014-2017, aprobado polo Parlamento de Galicia o pasado 18 de marzo, e no Plan anual 2014, aprobado polo Consello da Xunta o 9 de xaneiro no que se refire ao apoio á formación e capacitación especializada de actores e axentes de cooperación.

O obxectivo destas bolsas é a formación de persoal especializado en materia de cooperación para o desenvolvemento. Os destinos para a formación dos bolseiros serán na sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, onde os bolseiros se formarán na xestión e xustificación dos expedientes de subvencións, nas oficinas Técnicas de Cooperación da Axencia española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento de Mozambique, República Dominicana, Nicaragua, Ecuador e Perú, nas cales os bolseiros poderán coñecer no terreo o funcionamento das oficinas da cooperación española e na representación da FAO en Guatemala, co fin de familiarizáronse co traballo nun organismo multilateral das Nacións Unidas.

As actividades de formación desenvolveranse ao longo dos anos 2014 e 2015 cunha duración máxima de dez meses, entre o 1 de setembro de 2014 e o 30 de xuño de 2015. O importe da bolsa será de 1.200 euros brutos/mes máis gastos de viaxe, no caso de que os destinos sexan no exterior, e 1.000 euros brutos/mes no caso de que os destinos sexan na sede da Dirección Xeral en Santiago de Compostela.

### **Requisitos para os bolseiros**

Os requisitos para poder optar a estas bolsas son, entre outros, ter nado a partir do 1 de xaneiro de 1983, estar en posesión dun título universitario e non ter sido con anterioridade beneficiario/a dunha bolsa de formación no eido da cooperación internacional.

### **Cooperación internacional**

O pasado mes de xaneiro, o Consello da Xunta aprobaba o Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2014, no cal recollía os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios do goberno galego para este ano, e onde especificaba a creación de bolsas de expertos en cooperación internacional, incluíndo tamén por primeira vez unha convocatoria específica de axudas para proxectos de investigación liderados por universidades galegas.



O orzamento do Plan anual é de máis de catro millóns de euros, dos cales 116.000 euros son para as bolsas de formación en cooperación internacional. Tamén se financian distintas liñas de axudas tradicionais, como as destinadas a proxectos de cooperación no exterior -1,9 millóns de euros-; as convocatorias de subvencións para proxectos de Educación para o Desenvolvemento e fortalecemento de ONGD –máis de 200.000 entre ambas-; e o mantemento dunha liña financeira para axuda humanitaria ou de emerxencia, para a cal se destina máis de medio millón de euros.

O Plan de actuación 2014 recolle tamén a sinatura de convenios coa Coordinadora Galega de ONGD e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para actividades de formación e sensibilización e a continuidade da colaboración coa Consellería de Educación a través do Plan proxecta.

En colaboración co CETMAR, e apostando por unha orientación estratéxica da Cooperación Galega, séguese colaborando con proxectos de asistencia técnica que faciliten a transmisión de coñecementos e tecnoloxía aos países do sur e a continuidade do Programa de formación en pesca artesanal e acuicultura (Profopac) de Centroamérica.



## SOGAMA ESPERA AFORRAR ATA 15 MILLÓNS DE EUROS CO NOVO CONTRATO DE TRANSPORTE DE RESIDUOS, QUE LICITARÁ CUN ORZAMENTO MÁXIMO DE 152 MILLÓNS PARA UN PERÍODO DE 10 ANOS

- ***O novo prego de condicións exige ao contratista o transporte por ferrocarril de, como mínimo, o 43% dos residuos que chegan ás instalacións de Cerceda, fronte a menos do 30% actual***
- ***O importe anual máximo de licitación é un 4 por cento inferior ao aboado no 2013, aínda que a sociedade espera chegar a un aforro de arredor do 10 por cento grazas ás baixas que previsiblemente presentarán as ofertas***
- ***Esta licitación enmárcase no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020 e inclúe todos os traballos necesarios para efectuar o transporte do lixo nas mellores condicións, dende as 37 estacións de transferencia distribuídas polo conxunto da comunidade***
- ***Co fin de garantir a correcta prestación do servizo, o adxudicatario debe incluír todos os procesos de mantemento e seguridade, así como os labores propios de limpeza e substitución dos contedores utilizados para o traslado do lixo***
- ***A entidade pública impulsa o transporte por tren, dadas as súas múltiples vantaxes en todos os sentidos, destacando o menor impacto sobre o ambiente***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o proxecto de acordo para a licitación e contratación, por parte da Sociedade Galega do Medio Ambiente, do servizo integral de transporte combinado (estrada e ferrocarril) de residuos urbanos dende as 37 plantas de transferencia distribuídas polo conxunto do territorio galego ata as súas instalacións centrais de Cerceda (A Coruña), onde os refugallos reciben tratamento a través da separación da parte reciclable, que remite á industria transformadora para o súa posterior reciclaxe, e a recuperación enerxética da fracción restante.

Cun valor total de 152.580.327 euros, o importe anual máximo de licitación é un 4 por cento inferior ao aboado en 2013, aínda que a sociedade espera chegar a un aforro de arredor do 10 por cento respecto do que ata o de agora se viña gastando anualmente, grazas ás baixas que previsiblemente presentarán as ofertas.

O aforro será posible grazas a que no novo prego de licitación se fusionan os servizos de transporte por estrada e por ferrocarril nun só contrato, xa que ata o de agora eran prestados por empresas diferentes. Este novo criterio, o de fusionar ambos modos de transporte nun só xestor, permitirá evitar ineficiencias e duplicar recursos, abaratando deste xeito o custo dos servizos.

Esta rebaixa é acorde cos criterios establecidos no Plan de Residuos de Galicia, que marca como obxectivo a redución do custo do transporte do lixo, e está prevista tamén no Plan de Viabilidade de Sogama, realizado para axustar as contas da entidade ao novo escenario do mercado eléctrico.





O contrato rexerá por un período de 10 anos, dando comezo a finais deste mesmo ano (decembro) e concluíndo no 2025 (maio), e pode ser prorrogado por un máximo de 6 meses.

Igual que no contrato que ven de finalizar, propónse este período de duración (un decenio) debido á necesidade de que o servizo se preste coas maiores garantías, tanto dende a perspectiva técnica como económico-financeira, dada a amortización dos investimentos que deberá asumir o adxudicatario. Neste sentido, a máis prazo, os custos repercutibles a Sogama serán menores.

### **Servizo global e integral**

O servizo que se contrata enmárcase no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020 e contén todos os traballos necesarios para efectuar o transporte de residuos urbanos nas mellores condicións, incluíndo os procesos de mantemento e seguridade, ademais dos labores propios de limpeza e substitución dos contedores utilizados para o traslado do lixo.

Neste sentido, Sogama proporcionará ao contratista, en réxime de cesión de uso, o seu actual parque de recipientes, que será conservado ao longo da vida do contrato e revertido de novo á empresa ao finalizar o contrato. No caso de que o estado dos contedores non sexa o axeitado e, polo tanto, non poidan seguir cumprindo coa súa función, a reposición correrá por conta do adxudicatario, responsabilizándose igualmente da súa conservación e mantemento, e garantindo a súa plena operatividade despois de finalizar o contrato, momento en que pasarían a ser propiedade da compañía pública.

O prezo que aplica Sogama por tonelada de lixo procesado nas súas instalacións, único para todos os concellos adscritos ao seu modelo, inclúe a xestión íntegra das plantas de transferencia que se atopan baixo a súa titularidade, así como o transporte dos residuos dende elas ata o municipio coruñés de Cerceda e o tratamento final nas súas instalacións. É por isto que, con independencia da localización xeográfica dos municipios galegos a que dá servizo, o desembolso económico que deben realizar as arcas locais por tonelada xestionada é o mesmo en todos os casos.

### **O ferrocarril, unha prioridade polas súas vantaxes**

Tomando como referencia os datos de 2013, menos do 30 por cento dos refugallos procesados no complexo ambiental de Cerceda son transportados actualmente por ferrocarril. En concreto os recibidos nas estacións de transferencia de Ourense e Vigo (da orde de 500 toneladas diarias aproximadamente).

Dadas as vantaxes que implica o tren, o prego de condicións exige que, como mínimo, o 43 por cento dos residuos se transporten por este medio, facéndoo extensivo a outros puntos de Galicia. Con isto pretende apostar por unha serie de beneficios tales como maior seguridade, a que o ferrocarril presenta, en termos xerais, unha baixa sinistralidade; menores emisións de CO<sub>2</sub> e, polo tanto, maior respecto ambiental; incremento da carga útil (mentres que un camión pode trasladar por estrada un só contedor con 20 toneladas de residuos, un convoi de tren pode desprazar ata 30 unidades nunha soa viaxe); eliminación



---

do colapso circulatorio; aforro de tempo, así como maior puntualidade e sincronización; menor impacto paisaxístico e menores molestias cidadás.



## A XUNTA INVISTE MÁIS DE 500.000 EUROS NO ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE 29 ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NO TERMO MUNICIPAL DO SAVIÑO

- *Os traballos enmárcanse dentro das actuacións recollidas no Plan Hurbe 2014-2017, que persegue promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica, ambiental e social*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello do Saviño para a execución das obras de acondicionamento e mellora de accesos a núcleos rurais.

Os traballos, valorados en 529.874,98 euros centraranse no arranxo dun total de 29 accesos aos núcleos rurais que suman 30 quilómetros e que se consideran deficitarios, mediante a aplicación de aglomerado e rega asfáltica ou aplicación de pavimento de formigón:

RELACIÓN DE VIAIS			
ACTUACIÓN	LONXITUDE (m)	ANCHO (m)	ACABAMENTO
Lugar de Alperiz	1.100	3	Asfalto
Tramo Aiaz-Sur	900	3	Asfalto
Tramo Campo Aiaz-Estr.Monforte	850	3	Asfalto
Tramo Agra-Valdorrama	800	3,5	Asfalto
Tramo Os Pozos-Souceda	1.400	3	Asfalto
Tramo Orxainza-Lamapodre	980	4	Asfalto
Tramo Lamapodre-Pimento	460	3	Asfalto
Tramo Lamapodre-Casa Félix	150	3	Asfalto
Tramo Lamapodre-Sobreda	1.200	3,5	Asfalto
Tramo Besta-Sardiñeira	3.600	3	Asfalto
Tramo Vilaseco-Quintairo	450	3,5	Asfalto
Lugar de San Adrian	1.050	3	Asfalto
Tramo Mosiños-C-533	1.700	3	Asfalto
Lugar de Felón	2.400	3,5	Asfalto
Lugar de Belesar Viñas	300	2,5	Asfalto
Tramo Vilamor-C-533	1.500	3,5	Asfalto
Tramo Mourelos-Eirexe	920	3,5	Asfalto
Tramo Senra-Reguenga	940	3	Asfalto
Tramo Sobrado-Arxemil	1.350	2,5	Asfalto
Tramo Louredo-Santantuíño	1.650	2,5	Asfalto
Tramo Cirdeiro-Casa do Monte	800	3	Asfalto
Tramo Ousende-Muro	1.700	3,5	Asfalto
Tramo Gruñado-Chave	1.250	2,5	Asfalto

Lugar de Troifil	820	3	Asfalto
Lugar de Cansavacas	300	2,5	Formigón
Lugar de Belesar Viñas (Novo)	300	2,5	Formigón
Lugar de Vilarello	250	2,5	Formigón
Lugar de Susavila	250	2,5	Formigón
Tramo de Alperiz-Casa Brea	220	2,5	Formigón

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten previsto iniciar as obras a finais deste ano 2014.

### Contido dos traballos

Os traballos de acondicionamento das vías terán unha duración de 4 meses, e comezarán coa limpeza, adecuación de pisos, mellora da subbase do espazo necesario para as vías, reparación de fochas e rexeneración. A continuación, realizaranse os perfilados e rasanteos axeitados para servir de soporte ao piso de rodadura, e o pavimento do firme consistirá na aplicación de formigón ou rega asfáltica.

No derradeiro lugar prepararanse as gabias laterais a acondicionaranse debidamente os accesos existentes ás leiras colindantes para permitir os pasos de gando e maquinaria dende a vía.

Grazas a estes traballos conseguírase unha maior calidade de vida dos 4.202 habitantes do municipio e da sociedade en xeral ofrecendo, espazos en condicións axeitadas para a prestación do servizo público.

### Plan HURBE

Os traballos aprobados hoxe enmárcanse dentro das actuacións recollidas no Plan Hurbe 2014-2017, que persegue promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica, medioambiental e social.



## **A XUNTA AUTORIZA UN NOVO PARQUE DO CONCURSO EÓLICO CUN INVESTIMENTO DE 35 MILLÓNS NOS CONCELLOS DE LALÍN, DOZÓN E O IRIXO**

- ***O eólico de Pico Seco contará con 9 arexoradores que suman 27 MW e producirán preto de 91.300 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual de máis de 22.000 fogares galegos***
- ***Trátase do quinto parque do concurso aprobado no que vai de ano, tras as autorizacións do eólico de Acival, Mondigo, Faro e Cernego, acadando un total de 129 MW***
- ***O Goberno galego ten posto en marcha distintas medidas para impulsar a dinamización do sector eólico e recuperar o liderado***

O Goberno galego segue a traballar na reactivación do sector eólico en Galicia no escenario enerxético actual. Neste sentido, o Consello da Xunta autorizou hoxe un novo parque do concurso galego, o eólico de Pico Seco, situado entre os concellos pontevedreses de Lalín e Dozón e o ourensán do Irixo. A infraestrutura, que prevé un investimento de preto de 35 millóns, estará composta por 9 aeroxeradores que, cunha potencia total de 27 MW, producirán preto de 91.300 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual de máis de 22.000 fogares galegos.

A aprobación desta instalación, promovida por Aerogeneración Galicia, S.L., supón un importante avance na aposta estratéxica da Xunta de Galicia polo desenvolvemento desta enerxía, así como polo impulso do concurso eólico. Neste sentido, o de Pico Seco é o quinto parque do concurso aprobado no que vai de ano, tras as autorizacións dos eólicos de Acival, Modingo, Faro e Cernego, acadando un total de 129 MW.

Cómpre destacar que a Consellería de Economía e Industria está a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado do sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade. Por este motivo, ten activado distintas medidas fiscais, técnicas e financeiras consensuadas co sector que dinamizan a posta en marcha de proxectos.

Así, aprobouse a modificación da lei que permite trasladar a constitución do aval do momento da concesión administrativa ao do inicio da construción, o que supón un aforro medio de máis de 23.000 euros anuais por parque; estanse a impulsar as repotenciacións de parques; e facilítase a desistencia total ou parcial de MW, sempre que non se altere o resultado do concurso, co obxectivo de que os proxectos viables saian adiante.

Así mesmo, cómpre salientar que os plans industriais asociados ao concurso eólico galego xa están a xerar 700 millóns de investimento na Comunidade e preto de 1.400 postos de traballo.



---

Dentro desta estratexia, o Goberno galego ten moi en conta ás administracións locais, de xeito que por medio do canon eólico se recadaron xa máis de 91 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, o novo proxecto suporá unha importante fonte de financiamento para os concellos de Lalín, Dozón e O Irixo, que poderá beneficiarse da recadación obtida do mencionado canon.



## **CULTURA E EDUCACIÓN E A FUNDACIÓN ECCA RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN PARA FACILITAR QUE AS PERSOAS ADULTAS OBTENAN O TÍTULO DE GRADUADO NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

- ***Ao abeiro deste acordo, que promove a formación da cidadanía ao longo da vida, a Consellería destina 9 profesores ao programa formativo da fundación, o que supón un investimento de máis de 315.000 euros***
- ***A metodoloxía usada, con emisións radiofónicas de clases, axuda a achegar a educación ás persoas que, por diversas circunstancias, non poden asistir ás clases de forma habitual***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación ECCA renovarán un ano máis a súa colaboración para facilitar que as persoas adultas obteñan o título de Educación Secundaria Obrigatoria. Para iso, hoxe o Consello da Xunta deu luz verde á sinatura da addenda ao convenio a través do cal ambas as entidades veñen colaborando desde o ano 2005, en prol da formación das persoas ao longo da vida co fin de que poidan acadar mellores oportunidades no mundo laboral.

Ao abeiro deste acordo, a Consellería de Cultura e Educación destina nove profesores á atención do alumnado, o que suporá unha achega de máis de 315.000 euros. Pola súa parte, a Fundación ECCA porá á disposición do alumnado o material didáctico necesario para o seguimento da súa metodoloxía -baseada nas emisións radiofónicas-, concretamente libros e os seus correspondentes CD, e fotocopias das orientacións nas cales se recollen exercicios semanais por materias. Ademais, ECCA comprométese a emitir as correspondentes clases, unha hora diaria de luns a venres entre outubro e maio, e unha hora diaria de luns a venres entre xullo e agosto para clases de repaso. Os estudantes poderán escoitalas desde a canle 96.5 FM,- con cobertura en todas as Rías Baixas-, ou ben acceder aos CD que a Fundación deberá repartir a quen non teña cobertura para estas emisións.

No curso 2013/2014 a Fundación ECCA matriculou un total de 672 alumnas e alumnos para a preparación da proba libre para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria para Adultos. Neste sentido cómpre sinalar que a súa metodoloxía resulta especialmente útil para aquelas persoas que viven en zonas xeograficamente illadas ou traballan en horarios que lles impiden a asistencia habitual ás clases nun centro ordinario de educación de adultos, xa que se pon á disposición do alumnado material didáctico escrito e audiovisual, así como clases radiofónicas e presenciais.



## **A XUNTA E O EXÉRCITO REFORZARÁN A VIXILANCIA NOS MONTES GALEGOS CO FIN DE DISUADIR E REDUCIR A ACTIVIDADE INCENDIARIA**

- ***O Exército despregará 25 patrullas terrestres e un equipo de mantemento móbil na campaña de alto risco***
- ***A Consellería do Medio Rural e do Mar financiará o operativo cun orzamento superior aos 569.000 euros***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Ministerio de Defensa para reforzar a vixilancia nos montes galegos, co obxectivo de disuadir e reducir a actividade incendiaria mediante a incorporación de 25 patrullas terrestres e un equipo de mantemento móbil do Exército.

O Ministerio de Defensa comprométese a levar a cabo os despregamentos operativos de patrullas terrestres -neste caso un total de 25- durante a campaña de alto risco de incendios forestais en Galicia, compostas por militares sobre vehículo.

Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural e do Mar -a través da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes- comprométese a financiar o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración. O orzamento previsto para o recoñecemento, despregamento, actividade operativa e remudas da unidade das Forzas Armadas ascende a un total de 569.195,28 euros.

Con este convenio mellórase a eficacia na prevención, vixilancia e disuasión dos lumes, co que se contribúe a mellorar tamén a seguridade das persoas e os bens, así como a defender a riqueza forestal de Galicia.





## A FUNDACIÓN GALICIA GARANTE A OBRA SOCIAL 30 ANOS E NOMEA UN PADROADO REPRESENTATIVO DE TODA A COMUNIDADE

- ***O Banco garante un financiamento de 5 millóns de euros anuais para obra social os vindeiros cinco anos e, a partir de aí, un mínimo de 5 millóns ou o 3% dos beneficios netos que obteña cada exercicio ata 2044***
- ***Este acordo achega estabilidade pois garante a pervivencia da obra social durante tres décadas***
- ***A Fundación conta cun padroado representativo dos diferentes intereses galegos, que cumpre o mandato do Parlamento de Galicia e que non terá representación de partidos políticos e organizacións sindicais, tal como comprometera a Xunta***
- ***Aos membros da Fundación esixiráselles unha cualificación nos ámbitos de actuación da entidade***
- ***Non poderán ser membros da Fundación os antigos integrantes dos consellos das antigas caixas***
- ***Garántase a presenza dos sete grandes concellos galegos, que terán un voto ponderado en función da súa poboación***
- ***En total haberá ata 28 membros, dos que sete representarán ás cidades, catro serán elixidos polo Parlamento, catro polas deputacións provinciais, tres pola Xunta, un polos traballadores e ata nove polo banco***
- ***Os asuntos prioritarios e máis importantes necesitarán unha maioría reforzada de dous terzos, e os membros non terán remuneración polo seu cargo***
- ***Antes do 30 de novembro elaborárase un plan estratéxico quinquenal, que será elaborado pola Fundación Galicia Obra Social***

A Fundación Galicia Obra Social garantirá a obra social das antigas caixas galegas durante un período de 30 anos e nomeou un padroado representativo de toda a comunidade. Para iso, Novagalicia Banco garante un financiamento de 5 millóns de euros (máis o IPC) durante os vindeiros cinco anos e, a partir de aí, garante un mínimo de 5 millóns ou o 3% dos beneficios netos que obteña cada exercicio ata 2044.

Este acordo achegará estabilidade á fundación, pois garante a pervivencia da obra social durante tres décadas, segundo consta nun informe presentado hoxe ao Consello da Xunta pola conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, titular do departamento que exerce o seu protectorado.

A Fundación Galicia Obra Social contará cun padroado representativo dos diferentes intereses da Comunidade galega, que cumpre co mandato parlamentario aprobado o 17 de decembro de 2013 e que non terá representación de partidos políticos e organizacións sindicais ou empresariais. Neste órgano garántase a presenza dos sete grandes concellos galegos, que terán un voto ponderado en función da súa poboación.

En total, o padroado da fundación está formado por ata 28 membros, dos que sete representan ás grandes cidades galegas (Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ferrol); outros catro membros serán elixidos polo Parlamento –garantindo a



representatividade dos grupos da Cámara-, tres pola Xunta, catro polas deputacións provinciais, un polos traballadores da Fundación e ata nove por Novagalicia Banco (que en calquera caso terá nove votos).

Aos membros da Fundación Galicia Obra Social esixiráselles unha cualificación nos ámbitos de actuación da entidade, e non poderán ser membros da Fundación os antigos integrantes dos consellos das antigas caixas. Ademais, os asuntos prioritarios e máis importantes precisarán dunha maioría reforzada de dous terzos, e os membros non terán remuneración polo seu cargo.

Antes do 30 de novembro deste ano, a Fundación Galicia Obra Social elaborará un plan estratéxico quinquenal. Non obstante, a fundación herdeira da obra social das antigas caixas galegas está a desenvolver con normalidade a súa actividade logo de aprobar en decembro o seu orzamento para o exercicio 2014. Nese mes a entidade tamén foi declarada fundación de interese galego.

### **Labor social**

A Fundación seguirá tendo en 2014 como principais prioridades a atención á dependencia e os maiores, a asistencia aos colectivos máis vulnerables e ao terceiro sector, a formación e o fomento do emprego, a atención á infancia e os programas culturais.

A entidade responsable das obras sociais das antigas caixas galegas mantén o seu compromiso para o mantemento daquelas actividades que reforzan a sociedade galega, mantendo vixentes os principios do plan estratéxico 2012-2016 relativos ao sostemento do emprego, o desenvolvemento social de Galicia e a sostibilidade económica. A programación é diversa e atende ás necesidades dos galegos ao longo do territorio da Comunidade.

De feito, máis dun millón de persoas en Galicia beneficiáronse neste 2013 dos programas e servizos da Fundación Galicia Obra Social, que no exercicio 2013 acadará unha redución do déficit do 78% respecto a 2011. Ademais, no trienio 2012-2014 prevé ter realizado un esforzo orzamentario un 30% adicional ao previsto no plan estratéxico da entidade.

### **Máis eficacia e produtividade**

O esforzo de redución orzamentaria levado a cabo pola entidade nos últimos anos vai acompañado dun notable incremento da eficiencia e da produtividade. Así, o sostemento da actividade, dos seus centros e do emprego provocan taxas de penetración similares ás previstas no deseño do Plan Estratéxico.

Dentro das distintas áreas, a área social conta con cinco centros educativos e unha residencia de estudantes, que atenderon máis de 1.200 estudantes este ano, así como tres bibliotecas que deron servizo a 145.000 usuarios. Neste eido tamén se traballa con programas coma o fondo solidario –destinado a loitar contra a exclusión e a pobreza- ou a atención ao terceiro sector de acción social.



En canto aos programas de envellecemento activo, a fundación conta cunha rede de 12 centros de maiores con preto de 40.000 usuarios que no 2013 ofreceron unha gran diversidade de actividades, cunha media de 1.000 horas formativas ao mes. Outro campo de actuación é a inmigración, no cal proporciona servizos de inserción laboral aos estranxeiros en colaboración coa Fundación Juan Soñador. No 2013 conseguíronse 153 insercións laborais directas e 116 indirectas, e máis de 1.300 persoas recibiron orientación laboral.

### Áreas socioeconómica e cultural

No eido cultural, a Fundación a través de 12 centros socioculturais desenvolve programas expositivos –en 2013 concitaron a máis de 100.000 persoas-, artes escénicas e musicais, programas infantís –nos que participaron 124.000 nenos- ou ciclos de cine, entre outras actividades. En total, a Fundación rexistrou máis dun millón de usuarios.

E na área socioeconómica, trabállase con programas de fomento do emprego e de formación para profesionais. Neste eido inclúense as 36 bolsas de iniciación profesional, a escola de negocios da entidade e o monte de piedade.

## A XUNTA MOBILIZA 7,6 MILLÓNS EN 45 PROXECTOS DE INVESTIMENTOS INNOVADORES QUE MELLORAN A COMPETITIVIDADE DO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO

- ***O 70% das empresas beneficiadas son pemes, o que permite reforzar as súas capacidades para desenvolver produtos, servizos e procesos innovadores cun elevado impacto socioeconómico***
- ***A través deste programa lévanse apoiado 185 proxectos nos últimos seis anos, cunha mobilización total de 45 millóns de euros***
- ***O desenvolvemento dunha ferramenta para a realización de torres off shore; a fabricación de produtos de primeira calidade para reciclaxe e seguridade marítima; ou a creación dunha nova superficie de implantes dentais son algunhas das iniciativas impulsadas***



A Xunta de Galicia, no seu obxectivo de promover a innovación no tecido empresarial galego como unha das claves para a súa mellora competitiva, vén de resolver unha nova edición do programa de investimentos innovadores. A actuación, xestionada pola Axencia Galega de Innovación, destina 3,1 millóns de euros ao desenvolvemento de 45 proxectos que supoñen a mobilización de 7,6 millóns para incrementar as capacidades innovadoras, investigadoras e tecnolóxicas das empresas.

Así, tal e como se informou hoxe ao Consello da Xunta, un total de 42 empresas galegas resultaron beneficiarias, das cales o 70% son pemes. Deste xeito, contribúese ao cambio do modelo produtivo do tecido empresarial galego, á creación de emprego e á xeración de riqueza mediante o impulso da diferentes proxectos que se desenvolverán en distintos eidos de actuación.

Neste sentido, promóvense iniciativas que abranguen campos moi diversos, como o das tecnoloxías de control e inspección intelixente para a fábrica do futuro, traballando nunha ferramenta clave para o desenvolvemento de torres off shore; a fabricación de novos produtos de primeira calidade dirixidos a ámbitos como a reciclaxe, o control ambiental ou a seguridade marítima; ou o impulso de innovadores proxectos no ámbito da saúde, como a creación e mantemento dunha nova superficie de implantes dentais.

A maioría das iniciativas apoiadas encádrase nos sectores da automoción, dos bens de equipamento e maquinaria, dos materiais e o farmacéutico, financiándose tamén proxectos dos ámbitos alimentario, enerxético, madeireiro, medioambiental, médico e das TIC, entre outros.

Neste contexto, cómpre salientar que as actuacións financiadas se centran na adquisición de equipamentos tecnolóxicos para os centros produtivos das empresas coa finalidade de desenvolver produtos e servizos innovadores. Estas axudas, que alcanzan ata os 150.000 euros, permiten tamén impulsar a transformación dos procesos de produción das empresas galegas.

Para a concesión das axudas valorouse especialmente o grao de innovación e o impacto socioeconómico dos proxectos, a súa capacidade tractora sobre outras empresas, o aliñamento coas prioridades establecidas na Estratexia de especialización intelixente (RIS3 Galicia) e a localización das empresas, cunha consideración especial para as situadas nas provincias de Lugo e Ourense no marco do Plan Impulsa.

No caso das pequenas empresas as axudas ascenden ata o 50% do total do orzamento do proxecto, nas medianas ata o 40% e para as grandes sitúase nun máximo do 30% sobre o total do custo xustificado.

Coa resolución desta orde de axudas, a Consellería de Economía e Industria leva apoiados xa 185 proxectos ao amparo deste programa nos últimos seis anos. Mediante un incentivo público de 18,7 millóns de euros en total, estes proxectos supoñen a mobilización de investimentos innovadores de 45 millóns de euros. A capacidade desta liña de axudas para



---

impulsar a competitividade empresarial e, en consecuencia, a creación de emprego e riqueza, xustifica un esforzo orzamentario que este ano supón un millón de euros máis de investimento público para este programa sobre a convocatoria de 2013, o que permitirá apoiar un 40% máis de proxectos.




## UN ESTUDO DO 061 AMOSA QUE ENTRE 2009 E 2013 HOUBO UNHA REDUCIÓN DO 43% NA MORTALIDADE EN ACCIDENTES DE TRÁFICO NA COMUNIDADE

- *Por grupos de idade, destaca a diminución de asistencias a adolescentes e mozos adultos atendidos (ata 29 anos), mentres que aumentan as atencións a persoas de idades intermedias e avanzadas*
- *Nestes anos, a Central de Coordinación do 061 rexistrou unha media diaria de 24,8 accidentes de tráfico*

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia- 061 vén de realizar un *Mapa de accidentalidade 2009-2013*, referido aos accidentes de tráfico na comunidade autónoma. Así, no ano 2009 o 061 asistiu 10.385 accidentes de tráfico, cifra que descendeu ao longo destes anos ata rexistrar 7.839 sinistros atendidos no ano 2013. Isto amosa un descenso de máis de 2.500 accidentes atendidos, así como do número de pacientes asistidos, falecidos e trasladados a centros sanitarios.


No documento, presentado hoxe aos membros do Consello da Xunta, reflíctese que a mortalidade en accidentes de tráfico diminuíu nestes anos nun 43%, pasando de 183 falecidos en 2009 a 104 no pasado ano.



Tamén se reduciu (nun 30%) o número de persoas asistidas polo 061: no ano 2009 foron atendidas 13.807 pacientes, cifra que se reduciu ata 10.591 no ano 2013. No mesmo período, as persoas trasladadas diminuíron de 11.950 ata 9.215, o que supón un descenso do 29,68%.

Por grupos de idade, destaca a diminución de asistencias a adolescentes e mozos adultos atendidos (ata 29 anos), mentres que aumentan as atencións a persoas de idades intermedias e avanzadas. No que atinxe ao sexo, o 70% de accidentados eran homes, fronte a un 30% de mulleres.

No *Mapa de accidentalidade 2009-2013* elaborado polo 061 inclúense os accidentes de tráfico que tiveron lugar en todo tipo de vías públicas, tanto rurais como urbanas. A distribución dos sinistros nas estradas galegas neste documento preséntase por concellos, pacientes atendidos, número de feridos por accidente e recursos mobilizados.



A maior parte dos accidentes débense á colisión de vehículos a motor, seguidos polas saídas de vía, os atropelos a peóns e as caídas de motos. Este estudo reflicte tamén que os venres e os sábados son os días da semana nos que se producen o maior número de accidentes de tráfico. Os tramos horarios de maior demanda na Central do 061 por sinistros de circulación son de 13.00 a 14.00 horas e de 19.00 a 20.00 horas. Así mesmo, o mes de agosto é o que rexistra maior número de accidentes.

Os accidentes de tráfico constitúen un importante problema sociosanitario, e así o amosan os datos de demanda ao 061 de Galicia nestes anos, durante os cales a Central de Coordinación rexistrou unha media diaria de 24,8 accidentes de tráfico.

A incorporación das novas tecnoloxías na atención aos accidentes de tráfico permite a optimización da asistencia aos pacientes neste tipo de sinistros. O sistema automático de xestión de frotas permite optimizar a coordinación e a supervisión do funcionamento operativo das ambulancias dirixidas desde a Central de Coordinación do 061 de Galicia.

Este sistema está desenvolvido sobre tecnoloxía GPS (Global Position System), de maneira que dispón dun módulo embarcado no vehículo que permite calcular a posición e enviala ao centro de proceso de datos da Fundación. Este sistema é o que permite a realización de mapas para estudar a distribución xeográfica dos accidentes e a localización dos recursos para a súa atención.

### **Recursos**

O conxunto de todos os recursos asistenciais que a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 ten distribuído ao longo da comunidade autónoma forma a Rede de Transporte Sanitaria Urxente (RTSU). Así, Urgencias Sanitarias de Galicia-061 conta na actualidade con 101 ambulancias asistenciais (soporte vital básico) que cobren o 100% da poboación galega. Trátase de ambulancias dotadas con dous técnicos en transporte sanitario e que poden ser medicalizadas en calquera momento polo persoal de atención primaria (médico e DUE).

Tamén conta con dez ambulancias medicalizadas (soporte vital avanzado) situadas nas principais cidades galegas. No verán este servizo incrementase pola situación dun recurso, con carácter estacional, na localidade de Sanxenxo. Estas unidades están dotadas con médico, enfermeiro e dous técnicos en transporte sanitario. Ademais, cóntase cos helicópteros medicalizados (Soporte Vital Avanzado) con bases en Santiago e Ourense.

Todos os recursos están en permanente comunicación coa Central de Coordinación, que decide a súa activación e efectúa a xestión do servizo.

